



ESTATUTOS DE AMIZADE

# ESTATUTOS

DE

# “AMIZADE”,

ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON  
DISCAPACIDADE DA COMARCA DE  
PONTEVEDRA



ANO 2024.-



## ÍNDICE

PREÁMBULO .....	4
CAPÍTULO I – DA ASOCIACIÓN	
Artigo 1. Denominación .....	5
Artigo 2. Personalidade .....	5
Artigo 3. Domicilio .....	5
Artigo 4. Duración e ámbito .....	5
Artigo 5. Misión e Visión .....	6
Artigo 6. Principios e valores .....	6
Artigo 7. Fins .....	7
Artigo 8. Medios .....	9
CAPÍTULO II – DAS PERSOAS SOCIAS	
Artigo 9. Persoas socias .....	10
Artigo 10. Tipos de persoas socias .....	10
Artigo 11. Persoas socias de Honra e Persoas socias Colaboradoras.	11
Artigo 12. Ingresos e baixas .....	12
Artigo 13. Procedemento de admisión .....	12
Artigo 14. Documentos de admisión .....	12
Artigo 15. Número de persoas socias .....	13
Artigo 16. Deberes das persoas socias .....	13
Artigo 17. Dereitos das persoas socias .....	14
Artigo 18. Réxime disciplinario .....	15
Artigo 19. Perda da condición de persoa socia .....	15
CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO	
Artigo 20. Órganos de Goberno .....	16
Artigo 21. Asemblea Xeral .....	16
Artigo 22. Delegación .....	16
Artigo 23. Participación na Asemblea .....	17
Artigo 24. Funcións da Asemblea Xeral .....	17
Artigo 25. Clases de Asemblea e a súa Convocatoria .....	18
Artigo 26. Acordos da Asemblea Xeral .....	19
Artigo 27. Xunta Directiva .....	20
Artigo 28. Duración da Xunta Directiva.....	21





Artigo 29. Elección da Xunta Directiva .....	21
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva .....	22
Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva .....	23
Artigo 32. Comisión Permanente .....	24
Artigo 33. Comisión de Ética .....	24
Artigo 34. Dos Órganos Unipersoais.....	24
Artigo 35. Presidencia .....	25
Artigo 36. Vicepresidencia.....	26
Artigo 37. Secretaría.....	26
Artigo 38. Tesourería.....	27
Artigo 39. Vocais .....	28
Artigo 40. Sinaturas Dixitais.....	28
CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS	
Artigo 41. Impugnacións .....	29
Artigo 42. Recursos .....	29
CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO	
Artigo 43. Recursos económicos .....	30
Artigo 44. Cotas .....	30
Artigo 45. Pago de cotas .....	31
Artigo 46. Orzamento .....	31
CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS	
Artigo 47. Procedemento de modificación .....	31
CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN	
Artigo 48. Disolución .....	32
Artigo 49. Comisión liquidadora .....	32
Artigo 50. Asemblea Xeral no período de liquidación.....	32
Artigo 51. Destino dos bens resultantes .....	33
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	33





## PREÁMBULO

No ano 1988 ao amparo das leis vixentes un grupo de persoas con discapacidade deciden crear na Comarca de Pontevedra unha Asociación co obxecto de poder defender mellor os seus intereses tanto individuais como colectivos. Co nome de "Asociación para la Integración de los Discapacitados de Pontevedra y su Zona de Influencia" (AISMIP) é inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co nº 1988/001675-1 e no rexistro da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais co nº S – 905.

AISMIP, dá servizo a persoas socias dos concellos da Comarca de Pontevedra e outros próximos a Capital da Provincia.

Na Asemblea do ano 1993 únese co "Grupo de Discapacitados Psíquicos El Buen Pastor" pasándose a chamar "Asociación Amistad" e na asemblea do ano 1997 acórdase solicitar o ingreso na COGAMI, sendo aceptada como membro de pleno dereito no ano seguinte.

A partir do ingreso na Confederación e co apoio desta, a Asociación empeza a dar un mellor servizo ás persoas con discapacidade da comarca e créase un centro especial de emprego que traballa na rama de carpintería. Desde o mes de xullo de 2007, froito das reunións mantidas cos principais representantes dos concellos da comarca e da administración autonómica, a actividade da asociación trasládase a un centro de maiores dimensións situado en Monteporreiro do cal é titular a COGAMI.

As principais actividades da Asociación son, entre outras, información e asesoramento, sensibilización social, fisioterapia, logopedia, psicoloxía, empoderamento feminino fronte a dobre discriminación e actividades de lecer,...

Nestes momentos ten persoas socias dos Concellos de Pontevedra, Poio, Vilaboa, Marín, Bueu, Barro, Forcarei, Cotobade, Meaño, Meis, Soutomaior, Cangas e Ribadumia.





## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

### Artigo 1 Denominación

Ao amparo do establecido no artigo 22 da Constitución, na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do Dereito de Asociacións, na Lei 49/2002 de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo, e nas demais disposicións legais aplicables, constitúese a entidade denominada "Amizade, asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra", en diante "Asociación Amizade", a cal se rexerá polas prescricións contidas na devandita normativa e de forma especial polo previsto nos presentes Estatutos.

A Asociación Amizade é o resultado da libre vontade de asociación das súas persoas socias, ostentando a súa representación no ámbito comarcal.

### Artigo 2 Personalidade

A "Asociación Amizade" ten personalidade xurídica propia e independente da das súas persoas socias, e conforme ao artigo 35 e seguinte do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.

### Artigo 3 Domicilio

O enderezo social da "Asociación Amizade", a efectos legais, queda establecido en Rúa Alemaña, nº23 baixo, CP: 36162, Monteporreiro, Pontevedra, Teléfono: 986 84 52 50, Mail [amizade@asociaciónamizade.org](mailto:amizade@asociaciónamizade.org)

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuación, e de cantos lugares considere adecuados para o normal desenvolvemento da "Asociación Amizade". O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

### Artigo 4 Duración e ámbito





A “Asociación Amizade” constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.

O ámbito territorial da “Asociación Amizade” é o da comarca de Pontevedra, porén, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá actuar por si mesma ou no seo doutras organizacións, no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional, en atención ás necesidades do colectivo de persoas con discapacidade.

## Artigo 5 Misión e Visión

A Asociación Amizade ten como misión conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en tódolos ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

A Asociación Amizade ten como visión un movemento asociativo consolidado e amplamente recoñecido pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social de persoas con discapacidade.

## Artigo 6 Principios e valores

En termos xerais, AMIZADE adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás Normas Unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Defínese así mesmo como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro.

A “Asociación Amizade” basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

Democracia Interna e Participación: Entendida como a participación activa e continua das persoas socias no deseño e establecemento dos fins, no desenvolvemento dos servizos e na xestión de medios da asociación e o respecto do principio da maioría das mesmas nas decisións comúns que Amizade tome.

Solidariedade: Entendida como un sentimento de apoio mutuo entre as persoas con discapacidade e as súas familias e a sociedade en xeral.

Transparencia e publicidade na xestión e actuación da entidade: Económica e informativa cara á sociedade en xeral, na toma de decisións, nas metodoloxías de traballo e acceso aos servizos de cara as persoas socias.



Defensa dos dereitos das persoas con discapacidade: Tanto a nivel individual, familiar como organizativo. Entendendo por elo a promoción, protección e aseguramento do goce pleno e en condicións de igualdade legal en canto aos dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas con discapacidade e promovendo o respecto da súa dignidade inherente.

Especialmente no referente:

- Ao respecto á autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións e á independencia das persoas.
- Á participación plena e efectiva na sociedade.
- Ao respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e da condición humana.
- A accesibilidade universal e o deseño para todas e todos.
- Ao respecto á evolución das facultades das nenas e nenos con discapacidade e do seu dereito a preservar a súa identidade.

Implicación social: Entendida como a participación activa na defensa de outras causas sociais máis alá da discapacidade e sempre que non contradigan os valores e misión da organización.

Enfoque de Xénero: Entendido como a valoración transversal das implicacións que teñen para as mulleres e os homes cada unha das accións ou aplicación de políticas en todas as áreas da asociación de tal forma que facilite ás persoas o acceso aos órganos da asociación e aos servizos que se prestan. O enfoque de xénero ten como obxectivo final a igualdade de oportunidades.

Mellora Continua: Entendida como a forma de desenvolver a xestión e os servizos e actividades da asociación, é dicir, planificando, realizando o planificado, avaliando o realizado e introducindo melloras adaptadas aos medios da asociación con criterios de eficiencia e eficacia e tendo en conta a súa misión.

Independencia: Entendida como que Amizade é unha asociación libre, aconfesional, apartidista e non governamental, que actúa con plena autonomía e independencia dos poderes públicos, das formacións políticas, dos axentes sociais ou de calquera outro grupo de presión. Así mesmo, Amizade toma as súas decisións froito do debate e o consenso interno, sen someterse a intereses particulares ou parciais das persoas socias e sen preferencia por ningunha delas.

## Artigo 7 Fins

Os fins principais da "Asociación Amizade" son:

1. Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto a súa dignidade e diversidade.





## ESTATUTOS DE AMIZADE

2. Defender dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
3. Defender os dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
4. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
5. Crear as condicións para que as persoas socias poidan cumprir axeitadamente a misión.
6. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
7. Promover, desenvolver e abordar todo tipo de resposta eficaz e de xeito especial dirixidos a prevención e erradicación de todo tipo de violencia e discriminación contra as persoas con discapacidade en particular, ou calquera outra colectivo en risco de vulnerabilidade.
8. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do grupo social das persoas con discapacidade.
9. Orientar, coordinar e impulsar un Movemento Asociativo no que estea integrada a "Asociación Amizade" con criterios de solidariedade.
10. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas das persoas discapacidade.
11. Representar ás súas persoas socias no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional
12. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
13. Promover o desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e á xuventude.
15. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
16. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
17. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
18. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
19. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
20. Promover a cooperación internacional e o desenvolvemento, así como a loita contra a pobreza no ámbito da discapacidade a escala internacional.





21. Promover políticas, programas, prácticas e procedementos que garanten a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.
22. Promover iniciativas e alternativas a institucionalización das persoas con discapacidade, favorecendo a utilización dos recursos dispoñibles no seu entorno e na propia comunidade de residencia.
23. Promover iniciativas que garanten impulsen o desenvolvemento rural e que permitan as persoas con discapacidade poder acceder e /ou manterse neste entorno, en igualdade de oportunidades co resto da poboación.

Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da "Asociación Amizade" ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

## **Artigo 8**

### **Medios**

Para o cumprimento da misión e dos fins, "Asociación Amizade" poderá:

- a) Organizar os servicios necesarios de investigación, estudo, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con discapacidade e do seu entorno.
- c) Promover o apoio ás familias directamente ou en coordinación con outros servicios
- d) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acadar os fins da "Asociación Amizade".
- e) Establecer un sistema coherente na estruturación do Movemento Asociativo.
- f) Promover o Voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- g) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que proporcionen a auto financiación necesaria para manter e ampliar a actividade social da Asociación Amizade.
- h) Integrar, crear e promocionar centros educativos, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, que teña unha tipoloxía autorizada por Lei, na que primen a inclusión socio-laboral das persoas con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- i) Promocionar centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego, participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a



inclusión laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, coas demais persoas traballadoras, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:

1. Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras con discapacidade e/ou na labor social de dita asociación.
2. Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan integramente nas propias persoas traballadoras do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ao Movemento Asociativo.

j) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

Os beneficios obtidos pola asociación deberán destinarse, exclusivamente, ao cumprimento dos seus fins. Non se poderá repartir entre as persoas socias nin parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## **CAPÍTULO II DAS PERSOAS SOCIAS**

### **Artigo 9 Persoas Socias**

A "Asociación Amizade" constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presente Estatutos, tódalas persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins da "Asociación Amizade" na defensa da plena inclusión das persoas con discapacidade.

### **Artigo 10 Tipos de Persoas socias**

A "Asociación Amizade" terá as seguintes clases de persoas socias :

1. Persoas socias directas podendo ser:



a) As persoas con discapacidade maiores de idade ou menores emancipadas, que non estean suxeitas a ningunha condición legal para o exercicio dos seus dereitos.

No caso de tratarse de persoas con discapacidade maiores de idade ou menores emancipadas que precisen dalgún sistema ou medida de apoio para adquirir e ostentar a condición de “persoa socia”, ostentarán por si mesmas esta condición, se ben deberán concorrer xuntamente cos apoios que en cada caso concreto resulten precisos e/ou, de ser o caso, contar coa asistencia daquelas persoas que exerzan e teñan atribuídas funcións de carácter representativo.

b) Os pais/nais de persoas menores de idade con discapacidade que non estean emancipadas.

2. Persoas socias adheridas, que serán aquelas que, coa súa traxectoria, acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade.

Para a adquisición da condición de persoa socia adherida será preciso contar co aval de 8 persoas asociadas “directas” e contar coa aprobación da Xunta Directiva. Esta tipoloxía de persoas asociadas non poderá acadar un número superior a un 10 por cento da totalidade das persoas asociadas de dereito, e para o acceso a servizos deberán contar coa autorización da Xunta Directiva.

## **Artigo 11**

### **Persoas Socias de Honra e Persoas socias Colaboradoras**

A “Asociación Amizade” poderá ter Presidente/a de Honra.

Así mesmo, poderán ser nomeadas persoas socias de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins da “Asociación Amizade” e do grupo social que representa.

As persoas socias de honra non estarán suxeitas ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria, con voz pero sen voto

O nomeamento das persoas socias de Honra corresponderá á Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

As persoas socias colaboradoras serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada coa “Asociación Amizade” mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. As persoas socias colaboradoras non son titulares de obrigas nin dereitos e ao igual que as persoas socias de Honra poderán participar na Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.



## **Artigo 12**

### **Ingresos e baixas**

O ingreso na "Asociación Amizade" como persoa socia da mesma será voluntario.

A baixa será voluntaria ou forzosa, por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada á entidade.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixara de satisfacer as cotas aprobadas pola xunta directiva, tal como recolle o Artigo 20.
- c) Por incumprimento do recollido nos presentes Estatutos, en especial do recollido no Artigo 16, de deberes das persoas asociadas.

Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá resolverse sen a audiencia da parte interesada.

## **Artigo 13**

### **Procedemento de admisión**

O procedemento de admisión das persoas socias será:

- Mediante solicitude da persoa interesada dirixida á Entidade e a Presentación da documentación esixida.
- Aval acreditativo (no caso das persoas socias adheridas do apartado 2 do Artigo 10).

## **Artigo 14**

### **Documentos de admisión**

Documentación a presentar pola persoa:

- a) Solicitude escrita ou comunicación da persoa interesada dirixida á Entidade na cal, de ser o caso, deberá indicar se precisa de algún sistema de apoio para exercer a condición de persoa socia, sinalando o tipo de apoios en cuestión. No caso de que para o exercicio da condición de persoa socia precisara da asistencia de garda de feito / defensa xudicial / curador ou curadora con funcións representativas, deberá identificar o nome da persoa que a exerce ou ten atribuída esta función e achegar o correspondente documento acreditativo desta circunstancia.



- b) Copia DNI.
- c) Copia do documento que acredite ter recoñecido a consideración de persoa con discapacidade.
- d) No caso das persoas socias directas incluídas na letra b) do apartado 1 do Artigo 10, copia do documento que acredite a representación legal da persoa menor de idade non emancipada.
- e) No caso das persoas socias adheridas do apartado 2 do Artigo 10, aval acreditativo de 8 persoas socias directas da entidade.
- f) A Xunta directiva poderá solicitar a ampliación da documentación que considere necesaria.

### **Artigo 15**

#### **Número de persoas socias**

Non se establece un numero máximo de persoas socias da "Asociación Amizade".

### **Artigo 16**

#### **Deberes das persoas socias**

- 1) Cumprir canto se dispón nos presentes Estatutos.
- 2) Actuar de maneira acorde cos principios e valores da "Asociación Amizade" e respectar a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.
- 3) Acatar os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da "Asociación Amizade".
- 4) Asistir ás Asembleas Xerais e desempeñar e cumprir, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.
- 5) Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva.
- 6) Aboar as cotas que se fixen e Contribuír ao sostemento da "Asociación Amizade", aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.





## ESTATUTOS DE AMIZADE

- 7) Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida na "Asociación Amizade".
- 8) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

### **Artigo 17** **Dereitos das persoas socias**

- a) A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos. O dereito a participar nos órganos de goberno so poderá exercerse trala ratificación da admisión pola Asemblea Xeral.
- b) A ser informadas acerca da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) A Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados pola "Asociación Amizade", nas condicións que establezan os seus órganos de goberno.
- d) A Utilizar os servicios de toda índole que se creen na "Asociación Amizade".
- e) A acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- f) A ser apoiadas pola "Asociación Amizade" nas iniciativas que se crean oportunas.
- g) A impugnar os acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos.
- h) A ter copia destes estatutos.
- i) A recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- j) A ser escoitado ou escoitadas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra a propia persoa; a seren informados ou informadas dos feitos que dean lugar tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.





## Artigo 18 Réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral da “Asociación Amizade” poderá establecer un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan impoñerse as persoas socias que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de goberno.

## Artigo 19 Perda da Condición de persoa socia

Poderá perderse a condición de Socio/a da “Asociación Amizade” por:

- a) Renuncia Voluntaria, comunicada á entidade.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, nomeadamente o impago da cota ordinaria anual, tralo que a Xunta Directiva poderá iniciar os trámites para a baixa da persoa socia.
- c) Por causa ou disposición legal.
- d) Por expulsión, a causa de:
  - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
  - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Goberno.
  - Desenvolvemento dunha actuación prexudicial e/ou grave para os intereses da “Asociación Amizade”.
  - Non poñer a disposición da “Asociación Amizade” a información ou documentación requirida polos Órganos de Goberno.
  - Uso de medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas en xeral, e en particular das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recadación, custos e destino dos beneficios obtidos.

A expulsión como persoa socia da “Asociación Amizade” só poderá producirse previa audiencia persoa interesada e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral levando aparellada a perda de todos os dereitos derivados da condición de persoa socia.



## CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### Artigo 20 Órganos de Goberno

A “Asociación Amizade” rexérase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- a) Órganos colexiados:
  - Asemblea Xeral
  - Xunta Directiva
  - Comisión permanente
- b) Órganos unipersoais:
  - Presidencia
  - Vicepresidencia
  - Secretaría
  - Tesourería

### Artigo 21 Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de goberno da “Asociación Amizade” e estará integrada por:

- As persoas socias da “Asociación Amizade” con voz e voto.
- As persoas socias colaboradoras e as persoas socias de honra, con voz pero sen voto
- Tódalas persoas compoñentes da Xunta Directiva da Asociación. As persoas que ostenten os cargos de Presidencia e Secretaría da Xunta Directiva tamén o serán da Asemblea Xeral

### Artigo 22 Delegación

A asistencia e participación na Asemblea Xeral son indelegables.

De maneira excepcional, por motivos de enfermidade ou causa maior, a persoa socia poderá delegar a súa representación noutra persoa socia, mediante carta dirixida á Presidencia da Asociación, na que haberá de expresarse de maneira clara e explícita a Asemblea concreta para a que se outorga a delegación, seguindo o modelo facilitado pola Xunta Directiva.





Nunha mesma persoa socia non poderá recaer máis dun voto delegado.

### **Artigo 23**

#### **Participación na Asemblea**

- Todas as persoas socias (directas e adheridas) recollidas no artigo 10 da "Asociación Amizade" terán dereito a voz e voto.
- Todas as persoas socias colaboradoras e persoas socias de honra terán voz pero carecerán de dereito a voto
- Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitados/as, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

### **Artigo 24**

#### **Funcións da Asemblea Xeral**

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aprobar os Plans de Actuación da "Asociación Amizade".
2. Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aprobar o balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboar os diversos socios e socias.
4. Examinar e, no seu caso, aprobar a Memoria que cada ano deberá presentar a Xunta Directiva.
5. Establecer o réxime disciplinario.
6. Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na Orde do Día ou que se susciten co apoio dos dous terzos dos votos presentes.
7. Aprobar a modificación de Estatutos.
8. Ratificar a expulsión de socios/as da "Asociación Amizade".
9. Ratificar a composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferenza ou discrepancia que xurda entre un ou máis socios/as e calquera órgano da "Asociación Amizade", como igualmente as cuestións que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de "Asociación Amizade".
11. Acordar a disolución de "Asociación Amizade".



## Artigo 25

### Clases de Asemblea e convocatoria

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A Asemblea ordinaria celebrarase unha vez ao ano preferentemente dentro do primeiro semestre. As Asembleas extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo da Presidencia e, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoñan por escrito un 25% das persoas socias definidas no Artigo 10 dos presentes Estatutos.

A fin de facer efectiva a modalidade de convocatoria da Asemblea Xeral a instancia das persoas socias á cal se refire o parágrafo anterior, a persoa socia promotora da iniciativa deberá:

1. Dirixir escrito de solicitude inicial á Secretaría da entidade a cal procederá a difundir entre todas as persoas asociadas con dereito a voto a iniciativa invitándoas a contactar coa persoa promotora (aos efectos de que esta poida reunir a porcentaxe mínima requirida para este tipo de convocatorias).
2. Unha vez recompilados os apoios precisos a persoa socia promotora remitirá a solicitude á Secretaría a cal deberá convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria no prazo máximo dun mes.

As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por calquera medio escrito expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día con expresión concreta dos puntos a tratar, e no seu caso, deberán incluírse todos os asuntos propostos pola décima parte das persoas socias que solicitaron a celebración da Asemblea.

A convocatoria comunicarase ás persoas socias cunha antelación mínima de quince días, por correo ou mediante calquera medio que deixe constancia da convocatoria.

As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria, poderán celebrarse excepcionalmente:

- Mediante videoconferencias ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación das persoas asistentes e a permanente comunicación entre elas.
- Mediante un sistema mixto que combine a modalidade presencial coa telemática.

Corresponde á presidencia apreciar a conveniencia ou necesidade de acudir a estes modos excepcionais de celebración. Nestes casos a convocatoria deberá cumprir os mesmos requisitos formais que se establecen no Artigo anterior para as asembleas presenciais e ademais deberá garantirse que:

- Todas as persoas socias que desexen participar na Asemblea de forma telemática teñan a posibilidade real e efectiva de facelo por dispoñer dos medios técnicos adecuados a tal fin, de forma que o seu dereito de participación non sufra menoscabo algún.



- Quede debida constancia da identidade de todas aquelas persoas asistentes que participen na Asemblea de forma telemática. Esa identidade poderá ser establecida polo coñecemento directo que da persoa socia en cuestión teña o secretario ou secretaria da entidade, ou por exhibición a través da webcam dun documento de identificación

A fin de poder verificar o cumprimento do requisito relativo á dispoñibilidade de medios técnicos por parte daqueles socios e socias que desexen participar na Asemblea de xeito telemático, na convocatoria se lles requirirá para que cando confirmen a súa asistencia/participación se pronuncien sobre este extremo. No suposto de que as persoas socias manifestasen a súa non dispoñibilidade dos medios técnicos necesarios e non resultase posible proceder a emendar dita carencia a Presidencia acordará a celebración da Asemblea ben en modalidade presencial, ben en modalidade mixta, efectuando ao efecto unha nova comunicación se fose necesario.

Se por motivos técnicos quedase interrompida, temporal ou definitivamente, a comunicación por videoconferencia entre un número significativo de persoas asistentes con dereito a voto e a entidade, a Presidencia propondrá á Asemblea a posibilidade de suspender a mesma, comunicando ás persoas asistentes a data e hora prevista para a súa continuación. A suspensión así acordada non afectará á validez dos acordos que, de conformidade coa Orde do Día proposto, se adoptaran con carácter previo á devandita interrupción.

## **Artigo 26**

### **Acordos da Asemblea Xeral**

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade máis un das persoas socias sinaladas no artigo 10 por si ou por representación debidamente autorizada, e en segunda convocatoria, calquera que sexa o número persoas socias asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán mediar, como mínimo, media hora.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos. Os acordos relativos á disposición ou enaxenación de bens inmoables, modificación de estatutos e disolución da "Asociación Amizade", requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous terzos dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta correspondente e nela farase constar o número dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar subscrita pola Secretaría e a Presidencia.





As certificacións de tales actas, así como os testemuños dos acordos nelas contidos expediranse, cando proceda, coa sinatura da Secretaría e o visto bo da Presidencia.

## Artigo 27 Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación da "Asociación Amizade".

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes cargos:

- Presidencia
  - Vicepresidencia
  - Secretaría
  - Tesourería
  - Vogais nun número nunca inferior a dous (2)
- Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de persoa socia.
  - Non poderán ser persoas membro da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directa ou indirectamente, a través do seu/súa cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade, ou dos seus parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou desenvolvan actividades de tipo profesional, empresarial ou industrial que puidesen dar lugar a un conflito de intereses.
  - Así mesmo tampouco poderán ser persoas membro da Asemblea Xeral aquelas persoas que exerzan funcións de carácter representativo, político ou institucional
  - Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.
  - Non obstante o disposto no parágrafo anterior, os cargos da Xunta Directiva poderán recibir unha retribución adecuada pola realización de servizos diferentes ás funcións que lle correspondan como membro dos órganos de goberno. As condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.
  - No caso de prestar servizos para a entidade persoas que teñan unha relación de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao coas persoas membro da Xunta





Directiva, a súa contratación e as súas condicións laborais e salariais deberán ser postas en coñecemento e aprobadas pola Xunta Directiva.

- Todas as persoas membro da Xunta Directiva terán voz e voto neste órgano, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, a Presidencia poderá exercer un voto de calidade.

## Artigo 28

### Duración da Xunta Directiva

- Os compoñentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.
- Poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.
- 
- As persoas membro da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidas, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento no que se produza a aceptación dos que as substitúan.
- Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubrir as vacantes producidas no prazo máximo de corenta e cinco días.
- Mentres o número de baixas non sexa superior a metade máis un, as persoas membro cesantes serán reemprazadas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

## Artigo 29

### Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizarase na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto:

- Composición das candidaturas:
  - Estarán constituídas polo menos nun 80 por cento por persoas con discapacidade ou representantes legais.
  - Deberan ir presididas necesariamente por unha persoa con discapacidade ou excepcionalmente por representante legal.



- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.
- As votacións serán secretas, a non ser que por unanimidade as persoas asistentes soliciten o voto a man alzada.
- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

### **Artigo 30**

#### **Funcións da Xunta Directiva**

Corresponde á Xunta Directiva:

- 1) Executar a política da "Asociación Amizade" e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- 2) Administrar o patrimonio da "Asociación Amizade".
- 3) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- 4) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e contas anuais.
- 5) Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados desde a "Asociación Amizade".
- 6) Ratificar o ingreso de novas persoas socias que soliciten a admisión en Amizade
- 7) Acordar a suspensión temporal dos dereitos dunha persoa socia.
- 8) Determinar a orde do día da Asemblea Xeral.
- 9) Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- 10) Propoñer á asemblea xeral o nomeamento da Presidencia de honra e persoas socias de honra.
- 11) Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.
- 12) Preparar cantos documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.





## ESTATUTOS DE AMIZADE

- 13) Plantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese da "Asociación Amizade" e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.
- 14) En xeral, promover a execución de todas aquelas actividades ou acordos que redunden no beneficio da "Asociación Amizade" dos que deberá dar conta á Asemblea.
- 15) Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre os socios/as da "Asociación Amizade". Esta actuación poderá ser efectuada por si mesma ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- 16) Interpretar os presentes Estatutos.

### Artigo 31

#### Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reunirse, polo menos, catro veces o ano, preferentemente unha vez cada trimestre, cando o decida a Presidencia por si ou a petición do vinte por cento das súas persoas compoñentes. Para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto da Presidencia será de calidade.

En caso de ausencia ou enfermidade da persoa que ostente a presidencia, esta será substituída pola vicepresidencia. En caso de ausencia ou enfermidade da persoa que ostente a secretaría, substituirase provisionalmente por outra persoa membro da Xunta Directiva, previa designación por maioría das súas persoas membro ao comezo da mesma.

Con carácter excepcional, sempre que así o decida a Presidencia ou o soliciten, polo menos, dúas das persoas membro do órgano, os acordos da Xunta Directiva da entidade poderán adoptarse mediante votación telemática por escrito e sen sesión. Nestes casos dende a Secretaría da entidade enviarase a cada unha das persoas membro do devandito órgano un correo electrónico no que expresará de forma clara a cuestión sometida a votación e indicará o prazo no que as persoas integrantes do órgano haberán de manifestar o seu voto, non podendo ser o mesmo inferior a 24 horas. No devandito envío a Secretaría incluírá, se fora o caso, aqueles documentos que puidesen resultar de utilidade para que as persoas membro do órgano de dirección poidan formar o seu criterio e decidir sobre o asunto sometido a votación.

O disposto no Artigo 25 dos presentes Estatutos respecto á posibilidade de celebración telemática e/ou mixta das asembleas será de aplicación, nos mesmos termos e condicións, á celebración das reunións da Xunta Directiva.





## ESTATUTOS DE AMIZADE

O cargo de directivo osténtase a título persoal, polo que cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita pola Presidencia da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá á Presidencia, a proposta da Secretaría, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou a Presidencia, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de persoas asesoras que poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

### **Artigo 32 Comisión Permanente**

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotiamente e de maneira máis áxil o goberno da "Asociación Amizade". A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

### **Artigo 33 Comisión de Ética**

Poderá crearse unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes, ou non, a "Asociación Amizade", designadas pola Xunta Directiva.

Terá como finalidade a de velar porque as actuacións, tanto da "Asociación Amizade", como as das súas persoas socias a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas. Esta comisión non terá carácter executivo.

### **Artigo 34 Dos órganos unipersoais**

Os órganos unipersoais da Asociación serán:

- Presidencia
- Vicepresidencia
- Secretaría
- Tesourería







## ESTATUTOS DE AMIZADE

- Vogais nun número nunca inferior a dous (2)

### Artigo 35 Presidencia

Son funcións da Presidencia:

1. Representar oficialmente a "Asociación Amizade".
2. Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva e decidir co voto de calidade se hai empate .
3. Nomear a calquera persoa como Asesor/a, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor/a non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
5. Ordenar os pagamentos que haxan de realizarse con cargo aos fondos de AMIZADE. Levar a sinatura social conxuntamente coa Secretaría, ou, nos casos nos que así proceda, con quen exerza o cargo de Tesoureiro ou Tesoureira.
6. Retirar fondos da "Asociación Amizade" depositados en entidades bancarias, para o que precisará a sinatura da Secretaría ou da Tesouraría.
7. Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subscribir contratos en nome da "Asociación Amizade", outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese aos fins da "Asociación Amizade".
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios da "Asociación Amizade", xuntamente con quen ostente as funcións da Secretaría.



11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.

### **Artigo 36**

#### **Vicepresidencia**

A Vicepresidencia substituirá temporalmente á Presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións da Presidencia que esta delegue expresamente nela.

No caso de substitución definitiva, esta será aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

### **Artigo 37**

#### **Secretaría**

As funcións da Secretaría son:

- Custodiar os libros, documentos e selo da Asociación Amizade, agás os libros de contabilidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles aos Rexistros correspondentes.
- Levar os libros da Asociación legalmente establecidos, o libro de rexistro de persoas asociadas e os ficheiros das persoas asociadas
- Redactar as actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia aos Libros e documentos de "Asociación Amizade", co visto e prace da Presidencia.
- Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da Presidencia.
- Preparar os puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, e enviar a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarse, xunto coa Presidencia, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios da "Asociación Amizade".
- Organizar os servizos técnicos da "Asociación Amizade".



- Impulsar e controlar o funcionamento da “Asociación Amizade”.
- A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades máis amplas que en Dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción ou pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismo públicos ou privados e calquera clase de Xulgados, Tribunais ou árbitros e, expresamente para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como especialmente, para desistir, renunciar, allearse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que poidan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal.
- A tales efectos poderá nomear e apoderar aos avogadas ou avogados e procuradoras ou procuradores que teñan por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta á Xunta Directiva na primeira reunión que teña lugar.
- Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, da “Asociación Amizade”.

### **Artigo 38**

#### **Tesourería**

As funcións da Tesourería son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da “Asociación Amizade”.
3. Custodiar os fondos da “Asociación Amizade”, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da “Asociación Amizade”. Para dispoñer dos fondos da “Asociación Amizade”, necesitará da sinatura da Presidencia.
4. Facerse cargo das cantidades que se ingresen na “Asociación Amizade”, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da Presidencia.



6. Elaborar os presupostos anuais e facer previsións de futuro.
7. Cobrar as cotas das persoas socias.
8. Solicitar as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.
9. Presentar as contas anuais
10. Dar cumprimento ás ordes de pago expedidas pola Presidencia.

### **Artigo 39**

#### **Vogais**

As funcións dos vogais son:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
2. Ostentar a representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumprir os fins que marcan os Estatutos.
3. Propoñer e promover actuacións e actividades que se adecúen á misión da Asociación.
4. Velar por que todas as actuacións e actividades sexan afíns aos principios e valores da Asociación.

### **Artigo 40**

#### **Sinaturas dixitais**

As persoas integrantes dos distintos órganos de goberno previstos nestes estatutos poderán dispoñer dunha sinatura dixital vencellada á entidade que lles permita acometer o exercicio daquelas funcións que teñan estatutariamente encomendadas con plena garantía de autenticidade respecto á expresión da súa vontade e consentimento, así como da integridade e inalterabilidade dos propios documentos asinados.

Para exercer calquera outras funcións das que estatutariamente se teñan atribuídas será precisa autorización expresa a través de acordo de apoderamento notarial, previamente aprobado pola xunta directiva.



Todas as persoas da organización que teñan autorizado o exercicio de determinadas funcións a través destes acordos de apoderamento notarial, poderán solicitar a sinatura dixital para o exercicio das funcións así outorgadas.

## **CAPÍTULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS**

### **Artigo 41 Impugnacións**

1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva da "Asociación Amizade", poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que a Presidencia estime a existencia de erros ou vicios que poidan motivar a anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ao comezo da reunión.
2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvaran expresamente o seu voto.
3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

### **Artigo 42 Recursos**

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.
2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaranse diante dos tribunais da xurisdición ordinaria na forma e prazos que a Lei determine.



## **CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO**

### **Artigo 43 Recursos económicos**

Para atender aos seus fins, a “Asociación Amizade” contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan as persoas socias, se se establecen.
2. As subvencións, doazóns, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, mobles e inmobles.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada ao cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional da “Asociación Amizade” é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).
7. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

### **Artigo 44 Cotas**

As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual, que será satisfeita na cantidade que propoña a Xunta Directiva e aprobe a Asemblea.
- b) Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requiran.
- c) Cota de persoa socia colaboradora que será satisfeita polas persoas asociadas colaboradoras (Artigo 11) na cantidade que propoña a Xunta Directiva e aprobe a Asemblea.





## **Artigo 45**

### **Pago de cotas**

As cotas deberán ser aboadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente, ou ao terminar o prazo fixado cando foran extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para as persoas socias que, nos prazos previstos no parágrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ao ano anterior perderá o seu dereito a voto na mesma. A falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión dando inicio o expediente para baixa definitiva da persoa socia.

Porén, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensar o pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

## **Artigo 46**

### **Orzamento**

A "Asociación Amizade" funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado pola Tesourería, que deberá telo preparado antes do 31 de marzo de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas socias durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

## **CAPÍTULO VI**

### **DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

## **Artigo 47**

### **Procedemento de modificación**

Os Estatutos da "Asociación Amizade" só poderán ser modificados previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría das persoas socias, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva



O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría de dous terzos das persoas socias presentes e representadas.

## **CAPÍTULO VII DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN**

### **Artigo 48 Disolución**

A "Asociación Amizade" poderá disolverse por unha das seguintes causas

- a) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- b) Por sentenza xudicial firme.
- c) Por vontade de dous terzos das persoas socias manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ao efecto.

### **Artigo 49 Comisión liquidadora**

Acordada a disolución da "Asociación Amizade" pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio da "Asociación Amizade".

A Xunta Directiva poderá delegar a súa función en tres ou máis comisarios elixidos pola mesma entre as persoas socias.

### **Artigo 50 Asemblea Xeral no período de liquidación**

Durante o período de liquidación a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ao acordo de disolución





## Artigo 51 Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas tódalas obrigas pendentes que sexan da "Asociación Amizade", o patrimonio sobrante destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenazgo aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins de lucro e dos incentivos fiscais ao mecenazgo e que, preferentemente, estean dedicadas á realización de fins de interese xeral análogos aos de Amizade.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o que non estea previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

#### **DILIXENCIA:**

*A persoa que ostenta a secretaría da Asociación Amizade fai constar que os presentes estatutos inclúen as modificacións acordadas na asemblea xeral extraordinaria celebrada o 20 de Abril de 2024.*

*En Pontevedra, a 20 de Abril de 2024*

Asdo.: Secretario

